



## CONCELLO DE ARZÚA

Rúa Santiago, 2

15810 Arzúa (A Coruña)

Tel: 981 50 00 00

### Descrición Decreto: UTILIZACIÓN DE STANDS E OUTRO MOBILIARIO FESTA DO QUEIXO ANO 2023

#### JOSÉ LUIS GARCÍA LÓPEZ ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE ARZÚA (A CORUÑA)

Visto expediente TEDEC 2022/D003/000001 para autorizacións de utilizacións de stands e outro mobiliario na Festa do Queixo 2023 a celebrar en datas 4 e 5 de marzo.

Vistos o informe que consta en dito expediente asinado o día 22/02/2023, por Marcos Pampín Gómez, Animador Sociocultural e Técnico do Departamento de Cultura do Concello de Arzúa, sendo o seu contido o seguinte:

**MARCOS PAMPÍN GÓMEZ**, con D.N.I.: 78.803.641 Y, Animador Sociocultural e técnico do Departamento de Cultura do Concello de Arzúa,

#### INFORMO

- Que tendo en conta a Ordenanza reguladora pola que se establece o prezo público pola utilización de stands ou outro mobiliario no recinto feiral do Edificio Multiusos Terra do Queixo, durante a celebración anual da Festa do Queixo no Concello de Arzúa e os criterios expostos no artigo quinto para a asignación dos postos da **Zona B** do recinto feiral

- Que sendo recibida unha solicitude máis e tendo dispoñibilidade de espazo nos postos da Zona B admítese o seguinte expositor:

Nº de rexistro	Nome / Razón Social	Tipo de posto	Importe	Stand asignado
20239990000020 4	CRISANTO SAT (QUEIXERÍA DON CRISANTO)	Stand	120 €	50

Pola presente, en uso das facultades outorgadas legalmente en aplicación do artigo 5 da Ordenanza reguladora do prezo público pola utilización de stands ou outro mobiliario durante a celebración anual da Festa do Queixo, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO:** Autorizar o uso público de stands e outro mobiliario no lugar de ubicación do mesmo para a asignación dos postos das Zona B do recinto feiral nos días 4 e 5 de marzo de celebración da Festa do Queixo 2023 tal como segue :

Nº de rexistro	Nome / Razón Social	Tipo de posto	Importe	Stand asignado
----------------	---------------------	---------------	---------	----------------



## CONCELLO DE ARZÚA

Rúa Santiago, 2

15810 Arzúa (A Coruña)

Tel: 981 50 00 00

20239990000020 4	CRISANTO SAT (QUEIXERÍA DON CRISANTO)	Stand	120 €	50
---------------------	--	-------	-------	----

Esta autorización quedará condicionada a que a utilización autorizada sexa en ditas datas 4 e 5 de marzo para o uso exclusivamente declarado na solicitude presentada .

Para o suposto de que se produzan danos ou desperfectos no local ou material cuxa utilización se autorizou, deberá facerse cargo do importe dos gastos que supoña a reparación deses danos ou desperfectos, salvo cando se trate dos producidos polo seu natural desgaste.

**SEGUNDO:** Publicar este decreto no taboleiro de anuncios do Concello da sede electrónica municipal indicando o réxime de recursos a interpoñer que fronte as autorizacións outorgadas no resolvo primeiro son:

A- Interpor, potestativamente e perante o mesmo órgano que o ditou, RECURSO DE REPOSICIÓN, no prazo dun mes, contando desde o día seguinte ó da publicación deste decreto no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal , de conformidade co preceptuado nos artigos 123 e 124 da Lei 40/2015, do 1 de outubro de procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

B- Interpor directamente RECURSO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO perante o órgano competente da xurisdicción contencioso-administrativa, de conformidade co disposto nos artigos 8, 9 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo. O prazo é de dous meses, contados desde o día seguinte ao da notificación publicación no taboleiro de edictos da sede electrónica municipal , de conformidade co establecido no artigo 46,4 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

Advírteselle que tamén poderán interpor calquera outro recurso que estime pertinentes en defensa dos seus intereses.

### TERCEIRO:

Aprobar os prezos públicos pola utilización de stands ou outro mobiliario no recinto feiral do Edificio Multiusos Terra do Queixo nas datas 4 e 5 de marzo da Festa do Queixo 2023 , polos importes con iva incluído que constan no resolvo primeiro deste decreto, e que se emitan cartas de pago polos servizos de Tesourería Municipal e sexan notificadas ós interesados para que procedan ó ingreso, no prazo de 5 días hábiles posteriores a recepción da carta de pago que se utilizará como documento de notificación para que procedan ó ingreso .

Contra o acto da aprobación de prezos públicos , acto sobre a aplicación e a efectividade de ingresos de dereito público do Concello poderáse interpor, perante o mesmo órgano que o ditou, de conformidade co artigo 108 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e co artigo 14 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado por Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo, RECURSO DE REPOSICIÓN, no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da recepción da carta de pago . [O recurso de reposición deberá resolvelo o](#)



## CONCELLO DE ARZÚA

Rúa Santiago, 2

15810 Arzúa (A Coruña)

Tel: 981 50 00 00

concello no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da súa presentación. Transcorrido un mes desde a interposición do recurso de reposición sen que teña recaído resolución en prazo, entenderase desestimado e quedará libre á vía contencioso-administrativa. Contra a resolución expresa do recurso de reposición poderase interpor o RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO perante o xulgado do contencioso-administrativo da Coruña, de conformidade co disposto nos artigos 8, 9 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da notificación da devandita resolución. Se a resolución non fose expresa, o prazo de interposición do recurso contencioso-administrativo será de seis meses, cotados a partir do día seguinte a aquel en que deba entenderse presuntamente desestimado o recuso de reposición. Advírteselle que tamén poderá interpor calquera outro recurso que estime pertinente (no seu caso reclamación económico-administrativa previa á vía contencioso-administrativa.) A interposición do recurso non paraliza a executividade da resolución

### CUARTO:

O pagamento efectuarase no prazo que se indique no/s documento/s da/s liquidación/s correspondente/s, que será/n enviado/s ao/s interesado/s, os cales deberán realizar os ingresos presencialmente nas oficinas das entidades colaboradoras ABANCA ou CAIXABANK, caixeiros automáticos ou por banca electrónica (internet) a través do enlace da pasarela de pagos: [www.arzua.gal/Pagos](http://www.arzua.gal/Pagos).

**QUINTO.-** Comuníquese este decreto ós servizos administrativos para que se proceda a súa publicación no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal así como remítase ós servizos de Tesourería municipal para emisión e notificación das cartas de pago dos prezos públicos aos efectos oportunos.

Arzúa, asinado dixitalmente na data e hora que figura ao marxe.

O Alcalde – Presidente

Dou fe, a secretaria

Asdo.- JOSÉ LUIS GARCÍA LÓPEZ

Asdo.- REBECA VÁZQUEZ VÁZQUEZ